

Linkterpreting

Plataforma de recursos para a interpretación de enlace

linkterpreting.uvigo.es

Roleplay interpretación en ONG

Duración: 03:06.

Calidade: media.

Dificultade: alta (acento hindú).

Interveñen

Unha muller hindú chamada Manjula Nahasapeemapetilon e dúas responsables da oficina de inmigración.

Contexto

Unha muller inmigrante de nacionalidade india chega á oficina de estranxeiría de Vigo para solicitar un permiso de residencia temporal por circunstancias excepcionais (deu a luz ao seu fillo en España) e ten unha serie de dúbidas en relación co tema.

A special thanks to Nikedhana Sasisekaran and Lucía Saavedra Vázquez.

Universidade de Vigo

Linkterpreting

Plataforma de recursos para a interpretación de enlace

linkterpreting.uvigo.es

Manjula Nahasapeemapetilon: Good morning, my name is Manjula Nahasapeemapetilon.

Responsable de inmigración 1: *Ola, moi bos días, Manjula, en que podo axudala?*

Manjula Nahasapeemapetilon: I've just given birth to my baby in Spain and, as my child has the Spanish nationality, I'd like to get a temporary residence authorization.

Responsable de inmigración 1: *Ben, ben. Entón vostede está baixo as circunstancias excepcionais, polo que ten dereito a obter un permiso de residencia temporal. Precisa entregar unha serie de documentos que aparecen detallados neste folleto que ten aquí.*

Manjula Nahasapeemapetilon: Ok, ok, that's great! But I have some questions about this authorization.

Responsable de inmigración 1: *Perfecto, entón agarde un momentíño que virá un compañeiro meu que resolverá as súas dúbidas máis detidamente.*

Manjula Nahasapeemapetilon: Thank you very much. Very kind of you.

(A responsable 1 vai chamar á responsable 2 e explícalle a situación da muller inmigrante)

Responsable de inmigración 2: *Bos días, chámome Uxía García e son a responsable principal da oficina de inmigración en Vigo, que podo facer por vostede?*

Manjula Nahasapeemapetilon: Good morning. My name is Manjula Nahasapeemapetilon. As I have already said to your colleague, I have some questions regarding the temporary residence authorization.

Responsable de inmigración 2: *Si, sen problemas, estamos para servila. Dígame.*

Manjula Nahasapeemapetilon: Am I allowed to work if I am granted temporary residence authorization for exceptional circumstances?

Linkterpreting

Plataforma de recursos para a interpretación de enlace

linkterpreting.uvigo.es

Responsable de inmigración 2: *O permiso de residencia temporal por circunstancias excepcionais permite traballar á persoa se as razóns para a concesión do permiso coincidían coas razóns dalgún dos casos de estranxeiros afincados en España, ou se o Ministerio do Interior lle concedía o permiso á persoa para quedar en España segundo o que establece o artigo 31.3 dos regulamentos da Lei 5/1984. Mais no seu caso terá que solicitar o correspondente permiso de traballo no mesmo momento no que solicite o permiso de residencia temporal por circunstancias excepcionais ou durante o período de validez do mesmo. Nesta folla aparece a documentación que ten que presentar para solicitar este permiso de traballo.*

Manjula Nahasapeemapetilon: Thank you very much. And how long is temporary residence authorization for exceptional circumstances valid for?

Responsable de inmigración 2: *Normalmente as autorizacións orixinais e as súas renovacións teñen un período de validez dun ano, agás excepcións.*

Manjula Nahasapeemapetilon: Ok, ok... and can temporary residence authorization for exceptional circumstances be renewed or can a new temporary residence authorization or temporary residence and work authorization be obtained?

Responsable de inmigración 2: *Si, si, pódese renovar o permiso sen ningún problema.*

Manjula Nahasapeemapetilon: Thank you very much for your attention and for your kindness.

Responsable de inmigración 2: *Non hai de que. Se ten algunha dúbida máis, non dubide en poñerse en contacto connosco de novo.*